

Xunto as bases que regulan o proceso de inscrición no campamento de verán organizado polo concello do Pereiro de Aguiar.

A duración do campamento é de cinco días, os rapaces poderán disfrutar da práctica de deportes de auga como vela e piragüismo , ademais de participar noutros obradoiros e das veladas de campamento.

A distribución das quendas organízase polo ano de nacemento:

\* **Do 16 ao 20 de agosto**, para os nenos de idades comprendidas entre 8 e 10 anos. (ano de nacemento **2002-2000**)

\* **Do 23 ao 27 de agosto**, para nenos de idades comprendidas entre 11 e 14 anos. (ano de nacemento **1999-1996**)

A reserva de praza farase por rigorosa orde de inscrición; o prazo abrirase o 1 de xuño e remata o día 30 de xuño . Para reservar a praza deberedes cumprimentar a solicitude da reserva que se encontra na parte posterior do tríptico que se xunta, e entregala na Biblioteca Municipal, xunto ca seguinte documentación, que podeades recoller no momento da reserva ou descargar da páxina web do concello, [www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com) :

- Solicitude de reserva de praza.
- Autorización dos pais para participar na actividade.
- Autorización para difusión das fotografías dos menores.
- Informe de datos médicos destacables, cubrir modelo que se xunta.  
No caso de que teña que tomar medicacións, facer un listaxe das pautas.
- Fotocopia da Cartilla da Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI.
- Declaración responsable de que sabe nadar.
- Unha fotografía
- Copia xustificante de pagamento